Acta da Xunta de Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo correspondente á sesión ordinaria que se celebrou o venres día 9 de novembro de 2007 ás 10: 30 h na Sala de Xuntas do Edificio de Fundición coa asistencia das persoas que se indican a continuación:

Camilo Vázquez García (CIG); Aquilino S. Alonso Núñez (CIG); Xosé A. Vila Sobrino (CIG); Manuel Megías Pacheco (AGPTU); María Vera Isasa (AGPTU); J. Nicanor Alonso Álvarez (AGPTU); Generosa Fernández Manín (AGPTU); J. Enrique Ares Gómez (UXT); Joám J. Santamaría Conde (UXT); Manuel Ramos Cabrer (UXT); Rafael Durán Barbosa (CCOO).

Desculpan a ausencia Mercedes Suárez Pazos (CIG); Luís Anido Rifón (CIG); X. Henrique Costas González (CIG); Gloria M. Pena Urís (AGPTU).

Os puntos da orde do día foron:

1. Aprobación, se procede, da acta da xuntanza anterior

Aprobouse a acta do 19 de xullo de 2007 por unanimidade despois de incorpora-las alegacións do profesor Joám J. Santamaría e da profesora Generosa Fernández á acta provisional.

2. Informe

O presidente da Xunta de PDI informou sobre a reunión que tiveron co reitor as centrais sindicais e dixo que o reitor mostrou boa disposición ante a táboa reivindicativa que lle presentou. Á reunión co reitor só asistiron dúas centrais sindicais. A continuación, o presidente centrouse no tema da avaliación docente e no tema do profesor Corbacho.

Sobre o primeiro tema, díxolle ó reitor que a Xunta de Goberno debería eliminar que a avaliación dos alumnos afectase ós complementos do profesorado e tamén lle dixo que, se non se facía isto así, a Xunta de PDI decidira, no debate que se producira na última xuntanza, mandarlle un documento ó profesorado para pedir que se negase a entrada ás aulas ó persoal encargado das avaliacións.

Sobre o segundo tema, o presidente manifestou que había moita casuística xa que, por exemplo, se se viaxaba a algún país da Unión Europea había dereito a usa-lo sistema sanitario que se tivese.

O presidente informou que lle chegara unha petición do profesor Francisco Rey para que a Xunta de PDI se pronunciase sobre a instalación de novas cámaras de control do exterior da Escola de Peritos. Despois da intervención dos profesores J. E. Ares, J. J. Santamaría e X. A. Vila, o presidente dixo que lle pediría á asesoría xurídica que lle mandase información sobre isto e que habería que segui-lo caso da persoa afectada.

Por último, o presidente manifestou que recibira un informe do profesor José Carlos Troncoso. Nel, este profesor dá conta de que non está de acordo con que o Decanato lle aprobase unha alumna á cal lle perderan o exame e pídelle ó presidente que estea atento ó tema. Houbo intervencións

sobre este asunto dos profesores J. E. Ares e J. J. Santamaría. O presidente concluíu que estaría atento ó tema.

3. **Aprobación, se procede, dunha táboa reivindicativa. Posicionamentos da Xunta de PDI a respecto dos seus puntos**

O presidente presentoulle á Xunta unha táboa reivindicativa para as negociacións co equipo de goberno. Lembrou que xa falara dela na xuntanza anterior e que pretendía que houbese consenso para que a Xunta a asumise como propia.
O profesor Ares pediu un receso para estudala e para aporta-los puntos que o seu grupo considerase.
Fíxose un receso ás 11: 35 h. A sesión continuou ás 12: 15 h. A esta sesión non se reincorporou o profesor Rafael Durán.
Aprobouse por unanimidade a táboa reivindicativa que se engade en anexo logo de engadirlle, por proposta do profesor Ares, o punto no que se fala da normativa para o acoso. Da proposta reivindicativa inicial retirouse a negociación da continuidade e complementos dos profesores asociados a tempo completo por non acadarse o consenso esperado.
A central sindical UXT comprometeuse a mandar un documento para estudar na próxima reunión. Nel, recolleranse cuestións que poderían figurar como preámbulo da táboa reivindicativa aprobada hoxe.

4. Aprobación, se procede, de comités de negociación

Aprobouse por unanimidade que as centrais sindicais enviasen no prazo dunha semana os nomes dos membros de cada comité de negociación.
Aprobouse por unanimidade que no comité de negociación das enquisas docentes estivesen a profesora María Vera (AGPTU) e o profesor Camilo Vázquez (CIG). A central UXT quedou en decidir con celeridade o seu membro neste comité.

5. Rogos e preguntas

A profesora Generosa Fernández rogou, por unha banda, que se considerase a elaboración dun regulamento de permisos, licenzas e excedencias para o PDI e, por outra banda, que o presidente solicítase información do desglosamento do gasto do 1% da masa salarial dedicada a acción social. Tamén preguntou se a Xunta de PDI tiña medios econónicos.
O presidente contestoulle que a Xunta de PDI tiña medios económicos e que pretendía tratar estas cuestións na próxima reunión.

E sen máis asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 13: 15 h.

Vigo, 9 de novembro de 2007

O secretario O presidente

Asdo. Aquilino Alonso Asdo. Camilo Vázquez

TÁBOA REINVIDICATIVA

1.- SAÚDE LABORAL:

-Definitiva posta en funcionamento do Comité de Saúde e Prevención Laboral (CSPL).

-Convenios con profesionais que non pague o Sistema Público de Saúde para os tratamentos de enfermidades frecuentes nos docentes pero que non teñen a consideración de enfermidades profesionais.

-Institucionalización de cursos formativos para o PDI para a prevención das devanditas enfermidades.

-Artellamento dun sistema que permita as urxencias no estranxeiro.

-Retribución do 100% en caso de accidente laboral ou enfermidade de longa duración.

-Elaboración dunha normativa interna, previamente pactada cos sindicatos, que regule a represión de calquera manifestación de acoso no traballo para erradicalo.

-Utilización do gabinete psicopedagóxico.

2.- CONDICIÓNS SALARIAIS E CONTRACTUAIS:

-Supervisión por parte da Xunta de PDI das contratacións.

-Pagas extras íntegras.

-Complemento de antigüidade para os contratados (trienios).

-Residencias de vacacións.

-Convenios con entidades de formación (Conservatorios, etc.) para a redución de custos.

3.- CONDICIÓNS XERAIS DE TRABALLO:

-Avaliación docente.

-Actividades docentes en POD.

-Melloras pola idade dos docentes.

-Melloras por minusvalías dos docentes.

4.- FORMACIÓN DO PROFESORADO.

-Negociación coa Xunta de PDI dos plans de formación e mobilidade.

5.- LOCAIS SINDICAIS PARA A XUNTA DE PDI